

10

OS RÉXIMES TOTALITARIOS NA EUROPA DE ENTREGUERRAS

Por que o fascismo, o nazismo e o stalinismo son réximes totalitarios? Que os une e que os diferencia?

Tras o final da Gran Guerra, as autocracias foron substituídas por réximes democráticos en gran parte da Europa do Leste e os Balcáns. No entanto, as dificultades económicas de posguerra, as tensións sociais, a perda de confianza nos valores liberal-democráticos e as repercusións do crac do 29 favoreceron o auxo de ideoloxías totalitarias, como o fascismo italiano e o nazismo alemán.


Así mesmo, Stalin e o seu desexo de construír na URSS un socialismo sen oposición, levaron o país a unha ditadura totalitaria.

CONTIDOS

- 1 A Europa de entreguerras: totalitarismo e democracia
- 2 Que elementos definen o fascismo?
- 3 O fascismo italiano (1922-1945)
- 4 Como conseguiu o Partido Nazi chegar ao poder en Alemaña?
- 5 A nazificación de Alemaña
- 6 Que pretendía o proxecto racial do Partido Nazi?
- 7 O totalitarismo soviético
- 8 A represión stalinista
- 9 Por que triunfaron os totalitarismos?

Desfile de membros das SA en Nuremberg, 1933.

- En que país ten lugar este acto? Que símbolos podes identificar? Sabes que eran as SA?
- En que situación económica e social se atopaba o continente europeo neses anos?



3 O fascismo italiano

3.1. ITALIA NA POSGUERRA

A fin da Gran Guerra deixou en Italia graves **secuelas humanas** e **económicas**: morreron 700 000 homes, moitas industrias quedaron inutilizadas e a elevada débeda exterior provocou un aumento da inflación. Para moitos italianos, o custo da vida incrementouse, mentres os salarios reais diminuíron e o número de parados non deixaba de medrar.

Así mesmo, os **acordos de paz** supuxeron unha gran decepción xa que os aliados non lle outorgaron a Italia unha serie de territorios veciños que reivindicaban como propios (Fiume e Dalmacia). Deste xeito, comezou a se espallar a idea de que a participación italiana na guerra fora un engano e o **irredentismo*** foi gañando adeptos. A esta situación sumóuselle a **inestabilidade política**: os gobernos da monarquía de Vitor Manuel III non conseguían unha maioría suficiente e entre os anos 1919 e 1922 sucedéronse cinco executivos diferentes.

Doutra banda, a crise económica xerou unha forte **tensión social**. No Norte de Italia desenvolveuse un **movemento de folga** que, a miúdo, presentou obxectivos revolucionarios. Algúns campesiños ocuparon as terras dos grandes propietarios e os obreiros incautáronse de numerosas fábricas. Todos estes movementos foron reprimidos, pero o medo ao estalido dunha **revolución social** como a acontecida en Rusia comezou a preocupar as clases máis conservadoras.

3.2. O ASCENSO DO FASCISMO

Nesta situación de crise e axitación social apareceu **Benito Mussolini**, quen, en 1919, creou os **Fasci de combate**, coñecidos polas súas camisas negras. Eran grupos paramilitares cos que pretendía frear o auxe do movemento obreiro, opoñéndose violentamente aos sindicatos obreiros e mais aos seus líderes.

En 1921, os *Fasci* transformáronse no **Partido Nacional Fascista**, que se presentaba como o recurso máis eficaz para deter os movementos revolucionarios en Italia. Cun discurso populista, o seu programa baseábase na construción dun Estado forte, que garantise a orde social e a propiedade privada, e impulsase unha política exterior expansionista. O partido contou co apoio da **pequena burguesía**, co financiamento dos **grandes propietarios** agrícolas e industriais e coa tolerancia da **Igrexa católica** e do mesmo **monarca**.

Nas **eleccións de 1922**, o Partido Fascista soamente conseguiu 22 deputados nun Parlamento de 500. Pero ese mesmo ano, denunciando a incapacidade do goberno para manter a orde ante as folgas propiciadas polas forzas de esquerda, Mussolini esixiulle ao rei que lle entregase o goberno. Para amosar a súa forza, organizou unha **Marcha sobre Roma** acompañado de 300 000 **camisas negras**. En outubro, o monarca, presionado polas forzas conservadoras e aconsellado polos altos cargos militares, nomeou a Mussolini xefe do goberno.

ITALIA EN 1920 (POSGUERRA)



1. Que rexións anexionou Italia logo da Guerra Mundial? Que eran as terras irredentas?
2. Que problemas sociais coñeceu Italia na posguerra? En que zonas se deron con maior forza?

AS CARACTERÍSTICAS DO FASCISMO

- Exaltación do Estado por riba dos dereitos do individuo.
- Nacionalismo agresivo que aspiraba á expansión territorial. Racismo e persecución das minorías.
- Rexeitamento do liberalismo e da democracia. Anticomunismo. Estado autoritario.
- Intervencionismo do Estado na economía.
- Culto ao líder carismático. Obediencia cega.
- Lexitimación da violencia e culto ao militarismo.

A ACTUACIÓN DOS FASCISTAS

A media noite (...) chegan aos pobos pequenos os camiións cos fascistas, acompañados, como é lóxico, polos dirixentes agrarios locais, que actúan de guías, pois se non fose así seríalles imposible saber, na escuridade da noite, onde se atopan as casas dos dirixentes dos sindicatos agrarios ou o pequeno local onde se reúnen os líderes obreiros (...). Así, cando o dirixente sae (...) fano subir ao camiión e unha vez alí é obxecto das máximas humillacións, e isto cando non realizan o simulacro de fusilalo (...).

Discurso parlamentario de G. Matteotti, 1921.

- Como actuaban as escuadras fascistas? A quen perseguían? Cal era o seu obxectivo?

3.3. A DITADURA FASCISTA

Mussolini converteu o sistema político italiano nunha ditadura en dúas fases sucesivas:


- Entre 1922 e 1924, desenvolveu un proceso de **restrición das liberdades** e de **persecución dos seus adversarios** (socialistas, comunistas e demócrata-cristiáns), pero mantivo a ficción dun réxime parlamentario.
- Tras as **eleccións de 1924**, gañadas pola coalición de Mussolini grazas á violencia exercida cara aos seus oponentes, anunciou a instauración dun **réxime autoritario**.

O novo réxime fascista outorgáballo **prioridade ao Estado** sobre os individuos, que debían aceptar o **goberno das elites** mellor preparadas e renunciar ás liberdades e dereitos individuais se estes prexudicaban os intereses colectivos do Estado. Rexeitaba a democracia e o marxismo e defendía un Estado totalitario organizado polo Partido Fascista e no que Mussolini gozaba de plenos poderes.

Os partidos políticos foron ilegalizados, e os seus líderes perseguidos e encarcerados. As folgas foron prohibidas, e os sindicatos, substituídos por un **sistema de corporacións** por oficios, que englobaban a representantes dos obreiros, dos patróns e do Estado. As eleccións foron suprimidas e o Parlamento foi substituído pola **Cámara dos Fasci e das Corporacións**.

O Estado exercía un forte **control da sociedade** a través do partido, que dirixía a vida social e dominaba os medios de comunicación. Tamén controlaba a economía e defendía unha **política económica autárquica** que aspiraba á autosuficiencia económica.

Mussolini prometeu a creación dun Imperio italiano que, a semellanza do antigo Imperio romano, habería de controlar o Mediterráneo. Con este obxectivo, en 1935 invadiu Etiopía para ampliar as colonias italianas no Norte de África.



Caricatura aparecida nunha revista inglesa de 1939.

3. Describe a imaxe. A que escultura da Roma antiga lembra?
4. Cal é a intención do autor da caricatura?




Mussolini pronuncia un discurso diante dunha estatua de Xulio César.

@ Para saberes máis sobre a vida de Mussolini:
www.tiching.com/64360

SABÍAS QUE...

O fascismo italiano quixo emular as glorias da Roma imperial. O termo fascismo deriva da palabra italiana fascio, que se refire ao símbolo composto por un feixe de varas rodeando un machado. Este emblema xa se utilizaba na Roma antiga, e representaba a autoridade.



Igual que os caudillos militares romanos, Mussolini fíxose denominar Duce, que deriva do latín *dux*, que significa "guía". O saúdo, brazo en alto, que implantaron os fascistas tamén se usaba na antiga Roma.

SINTETIZA

5. Describe a situación de Italia na posguerra e explica cales foron os elementos que favoreceron o ascenso do fascismo.
6. Como acadou o poder Mussolini? Con que apoios contou para conseguilo?
7. Que características máis destacadas tivo o réxime fascista italiano?
8. Que símbolos do fascismo proveñen do antigo Imperio romano?

A instauración do nazismo en Alemaña

4.1. A REPÚBLICA DE WEIMAR

En 1918, despois da derrota de Alemaña na Primeira Guerra Mundial, o kaiser Guillerme II **abdicou** do seu cargo e proclamouse a chamada **República de Weimar**. Nesa cidade reuniuse unha Asemblea constituínte que elaborou unha constitución democrática para o novo réxime político. Os resultados electorais déronlle o goberno a unha **coalición dos tres partidos** máis comprometidos coa democracia: socialdemócratas (Partido Socialdemócrata), católicos (Partido de Centro) e liberais (Partido Democrático).

A nova república iniciouse en circunstancias difíciles: tivo que asumir a **derrota militar** e aceptar as **duras condicións de paz** impostas polos vencedores: o Tratado de Versalles acusaba a Alemaña de ser a causante da guerra, arrebatáballe territorios, reducía o seu exército e impuña-lle fortes **reparacións económicas**.

Os anos de posguerra foron para Alemaña de **crise económica, miseria e paro**. As débedas de guerra e as reparacións provocaron unha elevada inflación, que veu acompañada dunha gran depreciación do marco. A crise chegou ao seu punto culminante en 1923, cando Alemaña non puido pagar as reparacións e os **franceses ocuparon o Ruhr** como garantía de cobro.

Ademais, a República de Weimar enfrontouse á oposición dos grupos máis radicais. Dunha banda, os **movementos revolucionarios de esquerda** (Liga Espartiquista ou comunista) aspiraban a desencadear unha revolución obreira e en 1919 foron protagonistas dun levantamento armado. Doutra, os **grupos da extrema dereita**, que consideraban ilexítimo e traidor o réxime republicano por aceptar as condicións de Versalles, pretendían conseguir o poder pola forza (**Putsch de Múnic*** das milicias nazis de 1923).

4.2. HITLER E O PARTIDO NAZI

Adolf Hitler, un soldado de orixe austríaca que non aceptou a derrota alemá da Primeira Guerra Mundial, uniuse en 1920 ao **Partido Nacionalsocialista dos Traballadores de Alemaña** (NSDAP), converténdose en pouco tempo no seu líder indiscutible. En 1925, escribiu desde a prisión o libro **A miña Loita** (*Mein Kampf*), onde expresou o seu desprezo pola democracia parlamentaria e o seu odio ao bolxevismo. Así mesmo, defendía o antisemitismo, a superioridade da raza aria e a necesidade de forxar un grande imperio (*Reich*) que unise a todos os pobos de fala alemá.

Para convencer as clases traballadoras, Hitler utilizou a **demagogia**: prometendo traballo para todos, a redución dos beneficios industriais, a mellora dos salarios e unha sociedade máis solidaria. Nos seus discursos, arremeteu contra os que acusou de seren os **responsables da crise alemá**: xudeus, comunistas e demócratas.

O Partido Nazi escolleu como emblema a bandeira vermella coa cruz gammada e dotouse de organizacións paramilitares, as **Seccións de Asalto** (SA*) e as **Seccións de Protección** (SS*). Estas **milicias** foron protagonistas de insurreccións e enfrontáronse ás organizacións de esquerda, presentándose como una garantía de orde social fronte á axitación revolucionaria.

A INFLACIÓN E A DEPRECIACIÓN

Anos	Valor do dólar (en marcos)	Prezos ¹
1913-1914	4,2	1,0
xaneiro de 1920	64,8	12,6
xaneiro de 1921	76,7	14,4
xaneiro de 1922	191,8	36,7
xaneiro de 1923	17 792,0	2 785,0
xullo de 1923	353 410,0	74 787,0
outubro de 1923	25 260 208 000,0	7 095 800 000,0
novembro de 1923	4 200 millóns	750 millóns

¹ Prezos en números índice, xaneiro de 1913 = 1


1. Que situación económica reflicte a táboa? Que causas a provocaron?

O PROGRAMA NAZI

1. Esiximos a unión de todos os alemáns para constituir unha Grande Alemaña (...).
2. Esiximos (...) a abolición dos Tratados de Versalles e de Saint-Germain.
3. Esiximos territorios e colonias para a alimentación do noso pobo e para o establecemento do noso exceso de poboación.
4. (...) agás aqueles que, sexa cal sexa o seu credo relixioso, teñan, sangue alemá, ninguén máis, poderá ser membro da nación. Por conseguinte, ningún xudeu será membro da nación.
5. Abolirase todo ingreso non logrado por medio do traballo, así como a servidume imposta polo interese. (...)
6. Esiximos a nacionalización de todos os negocios que se organizaron ata hoxe en grandes compañías. (...)

Os 25 puntos do programa do Partido Nazi, 1920.
(Adaptación)

- Resume o ideario fundacional do Partido Nazi.
- Que aspectos do programa pretendían atraer ás clases traballadoras?



Portada do libro *Mein Kampf*, 1925.

4.3. O NAZISMO AO PODER

A partir de 1924, logo do Plan Dawes e os Acordos de Locarno, Alemaña viviu un período de relativa mellora das condicións económicas e dunha certa estabilidade social. Pero as consecuencias da **crise de 1929** resultaron moi graves para Alemaña. A retirada do capital americano arrastrou a moitos bancos á creba e tivo como consecuencia o cerre de fábricas e un grande aumento do paro.

O malestar social inclinou a unha boa parte da poboación cara ás propostas dos **partidos extremistas**. Burgueses arruinados, campesiños e obreiros desesperados foron atraídos polas promesas nazis; os intelectuais e a maioría de obreiros inclináronse polo partido comunista. Doutra banda, o Partido Nazi contou co apoio de personalidades da industria e das finanzas e dispuxo de fortes axudas económicas.

Nas **eleccións de 1932**, o Partido Nazi conseguiu 196 deputados e os comunistas, 100. Para frear o ascenso comunista, as forzas conservadoras exerceron presión sobre o presidente Hindenburg para que nomease a **Hitler chanceler de Alemaña**. Para poder contar cunha maioría parlamentaria, Hitler convocou novas eleccións para marzo de 1933.

En plena campaña electoral, tivo lugar un incendio no Reichstag (Parlamento) e os nazis acusaron falsamente os comunistas de telo provocado. Este incidente serviulle de pretexto a Hitler para proclamar o estado de emerxencia, perseguir os seus adversarios e recortar as liberdades civís. Neste estado excepcional, o Partido Nazi obtivo o 44 % dos sufraxios.

En 1934, despois da morte de Hindenburg, Hitler proclamouse **Führer e chanceler do III Reich**. O camiño cara á ditadura en Alemaña comezara.



Fotografía de Adolf Hitler rodeado de membros das Seccións de Asalto en Dortmund en xullo de 1933.

@ Para saberes máis sobre a evolución do naciismo: www.tiching.com/64361

COMO CONSEGUIU HITLER FACERSE CO PODER

Aproveitou os recursos da democracia para facerse nomear chanceler.

Presentouse como alternativa ao descontento social e á crise política e económica.

Empregou as súas habilidades de liderado e de manipulación política.


Presentou un programa demagógico e populista.

As organizacións paramilitares nazis impuxeron o terror.



Cartel nazi reclamando o voto obreiro, 1933.

O AUMENTO DO PARO E ASCENSO DO NAZISMO



2. Relaciona a evolución do paro e do voto ao Partido Nazi. Que conclusións podes tirar?

SINTETIZA

3. Que era a República de Weimar? Que situación económica e política tivo que afrontar?
4. Que ideas básicas do seu ideario expuxo Hitler na súa obra *Mein Kampf*?
5. Que consecuencias tivo a crise de 1929 en Alemaña? Que repercusións políticas se derivaron?
6. Como conseguiu Hitler facerse co poder? Que papel desempeñou o incendio do *Reichstag*?

5 O III Reich alemán

5.1. O TOTALITARISMO NAZI

En 1934, os nazis transformaron Alemaña nunha **ditadura**. O **Partido Nazi** monopolizou todo o poder mentres se prohibían todos os partidos e sindicatos, se clausuraba o Parlamento, se suprimían as eleccións e as liberdades individuais. Ademais, todos os traballadores foron chamados a afiliarse á **Frente Alemán do Traballo**, o único sindicato permitido.

Alemaña converteuse nun **Estado policial** que impuxo un réxime de terror. Uns novos corpos policiais (as SS* e a GESTAPO*), encargáronse de perseguir a toda a oposición. A partir de 1933, creáronse os **campos de concentración** para recluír os opositores e inimigos do Reich.


Ademais, a Administración pública foi depurada cunha lei que autorizaba o despedimento por razóns políticas e raciais á vez que a xudicatura quedou sometida á vontade do partido. Os poderes locais dos diferentes estados (*lander*) foron suprimidos e transferidos ao Reich.

5.2. A HOMOXENEIZACIÓN SOCIAL

Desde o punto de vista social, o Estado nazi aspiraba a unha total cohesión da sociedade alemá, baseada na **superioridade da raza aria** e na **ideoloxía nacionalsocialista**. O sistema educativo, a cultura e a arte debían seguir as consignas nazis, polo que moitos artistas e intelectuais foron perseguidos. Tamén se censurou toda a produción literaria e artística.

O mantemento da **pureza racial** da sociedade alemá implicou a persecución dos xudeus. En 1933 promulgouse o boicot aos negocios xudeus e en 1935 ditáronse as leis de Nuremberg, que impedían os matrimonios mixtos e excluían os xudeus da cidadanía alemá.

O nazismo outorgáballe á **muller** un papel social moi marxinal, limitado aos chamados tres "K": *Kinder, Kirche, Küche* (fillos, igrexa, cociña). Para asegurar o adoutramento mozos arios, creáronse as **Xuventudes Hitlerianas**, que se encargaban de orientar o lecer e a educación dos mozos.



Cartel da Fronte Alemán do Traballo que enzalza a unión en tempos de guerra 1933.

AS LEIS DE NUREMBERGO

Convencido da conciencia de que a forza do sangue alemán é a premisa da perpetuación do pobo alemán, e inspirado na vontade indomable de asegurar o futuro da nación alemá, o Reichstag (Parlamento alemán) adoptou por unanimidade a seguinte lei, que é proclamada polos presentes:

1. Os matrimonios entre xudeus e suxeitos de sangue alemán están prohibidos.
2. A relación fóra do matrimonio entre xudeus e suxeitos de sangue alemán está prohibida.

Leis de Nuremberg, 1935.

- Que prohiben estas Leis? Por que?

@ Para ampliáres na Rede...

Consulta en www.tiching.com/64362 a páxina web sobre o Estado nazi:

- Elabora un mapa conceptual ou un esquema sobre as actuacións do Estado nazi no campo ideolóxico.

Hitler utiliza o seu poder para suprimir as liberdades individuais da sociedade alemá, segundo unha caricatura americana de 1936.

5.3. AUTARQUÍA E REARMAMENTO


O Estado nacional socialista formulou un proxecto expansionista que unise todos os alemáns nun único Estado e dominase novos territorios que asegurasen o sustento da poboación alemá (**espazo vital***). Para iso, deseñouse unha política económica para preparar os seus proxectos expansionistas e militaristas.

O III Reich propúxose un **relanzamento** económico que preparase a Alemaña para a guerra. O Estado exerceu un forte **dirixismo económico**, que tiña como obxectivo conseguir a **autarquía* económica** (producir dentro do país todo o necesario). Así, déuselle prioridade á industria pesada, sobre todo á de **armamento**, que tivo un gran desenvolvemento. Para frear a inflación e o paro, exerceuse un forte control sobre os prezos e os salarios e levouse a cabo un programa de **obras públicas** coa construción de autoestradas e outras infraestruturas.

As ambicións expansionistas necesitaban tamén dun exército poderoso e Hitler iniciou unha **política militarista**: reforzou as forzas armadas coa institución do servizo militar e a creación dun novo exército, a *Wehrmacht*, e dunha aviación moderna, a *Luftwaffe*.

Cunha economía orientada cara á guerra e un forte exército, Hitler sentiuse preparado para lanzarse á construción dun **grande imperio**. O camiño cara á Segunda Guerra Mundial estaba preparado.

OS GASTOS DO ESTADO ALEMÁN



1. En que sectores da economía investiu máis o Estado nazi? Relaciona estes investimentos cos obxectivos económicos e militares dos nazis.


OS APOIOS AO NAZISMO

Ao principio votamos polo partido populista (conservador), pero os conservadores non podían gobernar o país: eran demasiado débiles. Tiñamos necesidade de sermos guiados por unha man vigorosa e firme. A de Hitler érao. Tras os anos transcorridos baixo o seu mando, sentiámonos moito máis satisfeitos. Queríamos un sistema que funcionase ben e que nos proporcionase os medios para traballar tranquilamente.

Declaración do industrial Alfred Krupp no proceso de Nuremberg, 1948.

A sociedade alemá segundo un debuxo crítico de 1934.

- Por que os grandes industriais apoiaron a Hitler?



SABÍAS QUE...

En 1936 propúxose un **plan económico** cuadrienal que pretendía o autoabastecemento de Alemaña e a creación dunha industria de substitución que producise aquilo que o *Reich* non posuía en cantidade suficiente.



Para iso, déuselle prioridade á industria pesada e acelerouse o proceso de concentración de capital e de creación de grandes complexos industriais.

Os beneficios destas grandes empresas medraron enormemente durante o período nazi. Esta tendencia viuse favorecida por unha estrita regulamentación laboral que prohibía as folgas e os sindicatos e garantía uns salarios baixos.

Propaganda nazi na que se le "tempos duros, tarefas difíciles, corazóns de pedra" que relaciona os esforzos económico e bélico, 1943.

SINTETIZA

2. Explica cales eran as principais características do réxime nazi no ámbito político.
3. Como pretendía cohesionar o Estado nazi a sociedade alemá? Que papel se lle outorgaba á muller?
4. Por que ao referírmonos ao Estado alemán desta época falamos dun réxime de terror?
5. Indica a relación entre o expansionismo militar do réxime nazi e a súa política económica. Por que se aspiraba á autarquía?